



NOTA DE PRENSA

Greenalia morde no territorio cos dentes da Xunta

- O proxecto Lamas II obtén unha DIA favorábel, redúcese a un só aeroxerador e non dispón de liña de evacuación xa que estaba asociado ao de Lamas de Feás, que decaeu en xaneiro.
- A Xunta declarou este proxecto de "iniciativa empresarial prioritaria" para servir electricidade barata á planta de Alcoa, que está a 200 quilómetros, en San Cibrao (Lugo).
- STOP EÓLICOS XURÉS CELANOVA lembra que, por moita declaración de "interese empresarial" poida emitir a Xunta, o interese social deste proxecto para as veciñas e veciños é NINGÚN, e así o expresaron con máis de 2.500 alegacións.

LEMBRA A NOSA CAMPAÑA do FONDO PARA A DEFENSA XURÍDICA DAS MONTAÑAS DA LIMIA-XURÉS-CELANOVA en migranodearena.org -> <https://bit.ly/3KBV0je>

A Declaración de Impacto Ambiental favorábel do proxecto eólico Lamas II supón que, por riba de toda a normativa de protección ambiental e coa pasividade das diferentes Administracións (empezando polos concellos de Baltar, Os Blancos e Calvos de Randín), Greenalia morde no territorio cos dentes da Xunta ao conseguir o primeiro permiso, a DIA, para levar adiante un proxecto que, tras este trámite, queda limitado a 1 aeroxerador de 200 metros de altura para o que non conta nin con subestación nin con liña de evacuación, xa que o seu desenvolvemento estaba vinculado ao PE Lamas de Feás, que decaeu a finais de xaneiro cunha DIA negativa.

Greenalia recibiu onte, 9 de marzo, a declaración, por parte do Consello da Xunta e ao abeiro da Lei de Depredación de 2017, para este proxecto de "iniciativa empresarial prioritaria" para subministro de electricidade á Alcoa en San Cibrao (Lugo), a 200 quilómetros de distancia. Mediante esta declaración, a Xunta reduce á metade os prazos para a tramitación do proxecto.

Hoxe, Greenalia recibiu unha DIA favorábel a este proxecto, situado e vinculado xunto ao de Lamas de Feás, da mesma compañía, que en xaneiro pasado decaeu a causa dos impactos medioambientais e

paisaxísticos que o proxecto Lamas II salva reducindo de 3 a 1 o número de aeroxeradores, mentres mantén a mesma poligonal sen que iso avalíe na DIA.

STOP EÓLICOS XURÉS CELANOVA considera que **a Xunta de Galiza está a sacrificar as nosas montañas para lle regalar a electricidade a Alcoa**, que **a Xunta vai sen rumbo e se contradí en apenas un mes con dúas DIA en sentido distinto para un mesmo proxecto**, artificialmente fragmentado por Greenalia, e que coa avaliación favorábel de Lamas II abre a porta a futuros macroproxectos nunha área na que Patrimonio Natural considera que non caben polígonos eólicos e mesmo o Instituto de Estudos do Territorio advirte impactos paisaxísticos severos.

STOP EÓLICOS XURÉS CELANOVA está a desenvolver unha campaña de recollida de diñeiro para o FONDO PARA A DEFENSA XURÍDICA DAS MONTAÑAS DA LIMIA-XURÉS-CELANOVA que xa vai pola terceira semana e leva recadado máis do 80% do obxectivo. A campaña estará aberta até o 30 de abril e as previsións son superar folgadoamente o reto inicial. Ese fondo servirá para pagar os estudos técnicos e o asesoramento xurídico precisos para enfrontar proxectos como Lamas II diante da Xustiza ordinaria.

STOP EÓLICOS XURÉS CELANOVA lembra que, por moita declaración de "interese empresarial" poida emitir a Xunta, o interese social deste proxecto para as veciñas e veciños de Calvos de Randín, Os Blancos e Baltar, é NINGÚN.

Así o manifestaron presentando máis de 2.500 alegacións contra os proxectos Lamas de Feás e Lamas II, entendendo que son un único macropolígono que tería impactos moi graves no medio natural, na saúde das persoas, no patrimonio e na paisaxe. E dá igual que os poñan todos xuntos que dun en un. As nosas aldeas e as nosas montañas, como A Aguioncha ou Pena Loba, non son sitio para chantar eólicos de 200 metros de alto.

Xinzo, 10 de marzo de 2023